

**EXCÉNTRICAS
PRODUCCIONS TEATRAIS**

**A SKULL
IN CONNEMARA
DE MARTIN
McDONAGH**

**UN CRANIO
FURADO**

DIRECCIÓN QUICO CAZAVAL

DOROTEA BARRERA EVARISTO CALVO VICTOR MOSQUEIRA SANTI ROMAY

EN COPRODUCCIÓN CON:



UN CRANIO FURADO **(A Skull in Connemara)**

Os feitos acontecen en Connemara, mais podían pasar en Bergantiños se tivesemos alguén que os soubese escribir. Como non tiñamos, tivo Avelino González que domear en galego aquel bravo inglés que escribiu McDonagh. Todo acontece nun cemiterio, onde o horror que se albisca na penumbra está sempre compensado polo humor, sorprendente, feroz, que se aparece tamén naqueles contos galegos que se contaban no outono acarón dos cabazos furados que os cativos transformaban en cranios para asustar ós camiñantes na noite.

O enterrador local, Mick, ten de trasladar os restos da súa esposa, morta sete anos atrás de accidente de tránsito. Mais hai moitos que pensan que non foi un accidente. Entre eles, Tom, un policía local. E Mary-Johny, que prefire non dicir nada, porque aínda é meia prima do coveiro. Aínda hai un rapaz, confundido pola vida nocturna, que serve de axuda ou de estorbo a Mick, o sospeitoso.

Unha obra moderna, comercial, divertida, escrita por un explosivo e novo autor anglo-irlandés nos anos 90, martin Mc Donagh, que tiña tanta vontade de provocar ó tradicional mundo irlandés que herdaba como horrorizar ó requintado público urbano londinense.

Non é unha peza de terror, non é un policial inglés, non é unha serie de TV de forenses, non é unha festa dos Defuntos... mais ten un pouco de todo.

A SKULL IN CONNEMARA

"*Un cranio en Connemara*" pertence á triloxía irlandesa que, á xunta con "*A raiña da beleza de Linane*" e "*O Oeste solitario*", fixera célebre a Martin Mc Donagh na escena londiniense dos últimos anos 90.

Dun lado dótase dun mundo propio de asombroso e pintoresco realismo, doutro, evidencia o autor un anti-intelectualismo programático, coidadosamente encenado. Declara non coñecer a John Millington Synge, co que algúns críticos achaban paralelismos, ou unha tenue mais innegábel influencia. Aseguraba aborrecer a Shakespeare e Tchekhov e ser fan de Tarantino e Pinter. Tal vez a analoxía tería provocado un arrepió no premio Nobel británico. Sen dúbida, debeu incluír na súa bagaxe o cinema da Hammer, toda a serie B e os cómics de Creepy e outros que nós, infelices latinos nin sequera podemos cheirar que existen.

Os efectos positivos deste currículo non se poden negar. Martin McDonagh irrompe, sen se importar se quebra algunha porcelana chinesa de camiño, na oferta teatral como alternativa á rigorosa selección de público que esixe a carteleira londiniense, entre o peso do drama e levezas dos longos musicais que se clonan despois en todo o mundo.

Unha poética non é outra cousa que singularizar o teu produto para que sexa "diferente" dos outros, para estimular a curiosidade dos cazadores de produtos frescos: o público que teme a oferta tradicional ou que foi expulso dela. A operación foi un éxito.

Mais se arruñamos levemente na superficie deste fenómeno encontramos, si, o que prometen: acción frenética, tipos bizarros, violencia, linguaxe forte e característico, realidade, e falta de sentimentalismo ou recados políticos; mais tamén encontramos monólogos vibrantes e perfectamente construídos, unha acción que latexa por baixo do texto e que lle transmite alturas épicas e personaxes arrancados dos grandes asuntos e despoixados da súa poética verbal. O texto está cheo de rexistros populares amplificados e convertidos en estruturas repetitivas que non

permiten nunca que se adormeza a acción. O texto duro é como a música da ira.

E chegamos con isto ao primeiro aviso, a linguaxe non é realista, non pretende reproducir a fala das persoas reais. O texto utiliza a linguaxe real, das persoas reais, para amplificala, por intensidade ou repetición, e pola ao servizo da violencia que alimenta a trama. Coas debidas distancias é o mesmo que fixeron Synge, Valle, Arniches ou Selvagem, por poñer apenas catro exemplos. As frases compóñense de exabruptos, *palabrons*, fraseoloxía, ironía popular, hipérboles e outras licencias da fala baixa. Son precisos actores que saiban dotar de sentido e transparencia estas frases sen que resulten incomprensíbeis, escuras vulgares ou paródicas, fan falta catro con esas características e, afortunadamente, Excéntricas encontrou os candidatos óptimos para darlle voz a Mary, Mairtin, Mick e Tom.

Outra manobra publicitaria do amigo McDonagh foi estender a especie de que se trataba de teatro irlandés e que dalgunha maneira, mostraba a verdadeira Irlanda que mantén secuestrada o romanticismo de Sheridan e compañía. Unha Irlanda emigrante, desertizada, modernizada traumáticamente, comunicada, con conflitos xeracionais e esquecida para sempre da vella épica.



MARTIN McDONAGH

O Autor

Martin McDonagh (26 de marzo de 1970 – Inglaterra) é un dramaturgo e realizador angloirlandés, coñecido polas súas pezas teatrais de gran brutalidade e estilo cinematográfico.

"*A raíña da beleza de Leenane*" foi a súa ópera prima, obra coa que gañou o Premio do Círculo da Crítica Teatral Británica ó dramaturgo novo máis prometedor do ano. Esta é a primeira obra dunha triloxía ambientada en Galway (Irlanda) e chamada "*The Leenane Trilogy*", triloxía onde se inclúe, "*A skull in Connemara*" (1997) que nos imos chamar "*Un cranio furado*".

No ámbito audiovisual, Martin Mc Donagh gañou un Oscar en 2006 á mellor curtametraxe por "*Six Shotter*", a súa primeira incursión no cine. O ano pasado estrenouse a súa primeira longametraxe, "*In Bruges*", película gañadora dun Bafta ó mellor texto orixinal e nomeada a un Oscar da Academia de Hollywood tamén na mesma categoría.

A súa obra é unha interesante fusión entre a obra de John Millington Synge, Harold Pinter, David Mamet e as sit-com británicas.

Martin McDonagh é o autor anglosaxón máis representado en América do Norte despois de William Shakespeare.

FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

• **ELENCO ARTÍSTICO**

- *Mary Rafferty* – Dorotea Bárcena
- *Mick Dowd* - Evaristo Calvo
- *Thomas Hanlon* - Víctor Mosqueira
- *Mairtin Hanlon* - Santi Romay

• **FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA**

- Deseño de luz: Baltasar Patiño
- Música e deseño de son: Piti Sanz
- Escenografía e atrezzo: Kukas
- Deseño gráfico: Pancho Lapeña
- Foto: Pablo Silva
- Video promocional: Masako Hattori

- Xefe Técnico: Octavio Más
- Técnico de escena: Pepe Quintela
- Técnico de son: Xosé Breixo
- Best boy: Darío González Orsi

- Autor: Martin Mc Donagh
- Tradución: Avelino González
- Axudante de dirección: Marcos Orsi
- Xefe de produción e distribución: Rubén G. Pedrero
- Dirección: Quico Cadaval

• **OUTROS DATOS**

- Duración: 95 minutos
- Data da estrea: 15 de outubro de 2010 no FIOT de Carballo

● QUICO CADAVAL

- **Traballos como Director:**

- "Códice Clandestino". O Moucho Clerq. (1989)
- "O Rousinol de Bretanha". O Moucho Clerq. (1990)
- "Para ser exactos", con, de e para Mofa & Befá. (1993)
- "Squash", de E.Caballero. Compañía de María. (1994)
- "Directamente Paco". Carlos Blanco. (1994)
- "A voda dos moinantes". Compañía de María (1996)
- "Doberman", de A. Reixa- Teatro do Morcego. (1996)
- "El color de las cerezas", de Rui Café. EntreTantoteatro. (1998)
- "Como en Irlanda", de Vilar-Ponte y J.M. Synge. CDG. (1998)
- "Se o vello Simbad...", para o Centro Dramático Galego. (1999)
- "A cigana vermelha da Ilha Terceira", de A. Sastre. A Teia. (2001)
- "Espantoso". Mohicania. (2001)
- "A cantiga do desterro - Chansón d'exil" de Pere Ubú/Raia Seca. Co-producción para los C.E.A.C.T. De la Unión Europea. (2002)
- "Rapatú". Tanxerina. (2002)
- "Cultura para dar e tomar". Mofa & Befá - PT Excéntricas. 2004
- "O ano da cometa", para o Centro Dramático Galego. 2004
- "Semrpe ao lonxe". Mofa & Befá - PT Excéntricas. 2006
- "Noite de Reis" de Shakespeare, para o Centro Dramático Galego. (2007)
- "Obra (No Coment)". Producións Teatrais Excéntricas. (2008)
- "Shakespeare para ignorantes". Mofa & Befá - PT Excéntricas. 2009
- "Pressing Catch". Berrobambán. 2009

- **Premios**

- "María Casares" ó mellor texto orixinal en galego por "Se O Vello Simbad Volveuse ás Illas", "Espantoso", "Rapatú" e "O ano da cometa".
- "María Casares" ó mellor director por "Noite de Reis"

● **DOROTEA BÁRCENA**

- Trabajos como Actriz no teatro:

- "Los Opositores" de Martínez Ballesteros. Esperpento Teatro Joven (1970-1974)
- "Burul" de Italo Ricardi. Esperpento Teatro Joven (1970-1974)
- "El Vendedor del pez" de M. Cobaleda. Esperpento Teatro Joven (1970- 1974)
- "El Hombre que se convirtió en perro" de Oswaldo Dragún. Esperpento Teatro Joven (1970-1974)
- "Milagro en el mercado viejo" de Oswaldo Dragún. Esperpento Teatro Joven (1970-1974)
- "El Vendedor" de J.A. Perozo. Esperpento Teatro Joven (1970-1974)
- "La Tabernera y las Tinajas" de Rodríguez Méndez. Esperpento Teatro Joven (1970-1974)
- "La Orgía" de Enrique Buenaventura. La Picota (1975)
- "Retrato de Dama Con Perrito" de Luis Riaza. La Picota (1977)
- "O Agnus Dei Dunha Nai" de Dorotea Bárcena. Teatro da Mari-Gaila (1980)
- "Ensaio Festivo Para Unha Marcha Fúnebre" de Griselda Gambarro (1981)
- "Acto Cultural" de Ignacio Cabrujas. Teatro da Mari-Gaila (1982)
- "A Noite das Tríbadas" de Per Olov Enquist. Teatro da Mari-Gaila (1983)
- "Agasallo de sombras" de Roberto Vidal Bolaño. CDG. (1984)
- "Xoana" de Manuel Lorenzo. Teatro do Atlántico. (1984)
- "Mullíribus" de Dorotea Barcena. Teatro da Lúa. (1987)
- "Sigrid era so Unha Moneca Rota" de Dorotea Bárcena. Teatro da Lúa. (1989)
- "Cabaret Alén" de Dorotea Bárcena. Teatro da Lúa. (1990)
- "De Picas, Cruces e Carabelas. Farsa de Conquista e Encomendas" de Roberto Salgueiro. Teatro da Lúa (1992)
- "Medea de Eurípides" de Nuria Espert. Olimpiada Cultural 92 (1992)
- "A Irmandade do Graal" de Dorotea Bárcena. Teatro da Lúa (1994)
- "Celestina (Fantasía Para Xoguetes)", de Dorotea Bárcena. Teatro da Lúa (1995)
- "Martes de Carnaval" de Valle Inclán. Centro Dramático Nacional. (1996)
- "Entre Bastidores", de Dorotea Bárcena. Teatro da Lúa (1997)
- "As troianas. Botínd e guerra", de Dorotea Bárcena. Teatro da Lúa (1997)
- "A Casa de América". A Factoría de Teatro. (1998)

- "*Ultimamente non durmo nada*". Teatro da Lúa. (1999)
- "*Xelmirez ou a Gloria de Compostela*". Centro Dramático galego. (2000)
- "*A longa agonía das centolas*". Teatro da Lúa. (2001)
- "*Con flores a María*", de Dorotea Bárcena. Teatro da Lúa. (2003)
- "*As mulleres do porvir: Concepción, Rosalía, Emilia*" de Dorotea Bárcena. Teatro da Lúa. (2004)
- "*Kvetch*". Teatro do Morcego. (2009)
- "*Un morto moi vivo*". Contrabutaca. (2009)

- Premios

- "*Xiria*" de teatro no Festival Cómico Festivo de Cangas do Morrazo (1998)
- "*Galicia da Crítica*" otorgado polo Círculo Ourenán, co motivo do Día das Letras galegas no apartado de "Iniciativas Culturais".
- "*Agapi*" á mellor interpretación feminina por "El Baile de las ánimas" (1996)
- "*María Casares de Honra*" (2006)

● **EVARISTO CALVO**

– **Traballos como Actor no teatro:**

- "Adeus Madelón". Escola Dramática Galega. (1988)
- "Moleques". Ollomol Teatro Subamrino. (1989)
- "O Rousinol de Bretanha". O Moucho Clerq. (1990)
- "Fas en nefas". Ollomol Teatro Submarino. (1991)
- "O incerto Señor Don Hamlet". Centro Dramático galego (1992)
- "Un soño de verán". Centro Dramático Galego (1992)
- "Para ser exactos", Mofa & Befá. (1993)
- "Commedia, un xoguete para Goldini". Ollomol Tranvía (1993)
- "Manifiesto para un teatro perralleiro". Mofa e Befá. (1993)
- "Raiñas de Pedra". Ollomol Tranvía. (1994)
- "O Rei Un". Ollomol Tranvia. (1995)
- "Finis Mundi Circus". Mofa e Befá. (1998)
- "Anxeliños". Teatro do Aquí. (1998)
- "Clownfutbol", Chévere (2000)
- "Cultura para dar e tomar". Mofa & Befá – PT Excéntricas. (2004)
- "O ano da cometa", Centro Dramático Galego. (2004)
- "Semrpe ao lonxe". Mofa & Befá – PT Excéntricas. (2006)
- "Unha carreira de obstáculos". Mofa & Befá – PT Excéntricas (2006)
- "As Dunas", Centro Dramático Galego. (2008)
- "Shakespeare para ignorantes". Mofa & Befá – PT Excéntricas. 2009

– **Premios**

- "Agapi" a Mofa e Befá por "Gran Liquidación" de Jorge Coira (1995)
- "María Casares" á mellor dirección por "Qui Pro Quo" (1999)
- "María Casares" ó mellor actor secundario por "Anxeliños" (1998)
- "María Casares" a Mofa e Befá ó mellor texto orixinal en galego por "Shakespeare para Ignorantes" (2009)

● **VÍCTOR MOSQUEIRA**

– **Traballos como Actor no teatro:**

- "Olhares de perdil". Arte Livre. (1988)
- "Espectros". Centro Dramático Galego. (1988)
- "Na fraga do conde". Moucho Clerq. (1988)
- "Un códice clandestino". Moucho Clerq (1989)
- "O Rousinol de Bretanha". O Moucho Clerq. (1990)
- "Moleques". Ollomol Teatro Subamrino. (1989)
- "Fas en nefas". Ollomol Teatro Submarino. (1991)
- "O incerto Señor Don Hamlet". Centro Dramático galego (1992)
- "Un sonho de verán". Centro Dramático Galego (1992)
- "Para ser exactos", con, de y para Mofa & Befá. (1993)
- "Commedia, un xoguete para Goldini". Ollomol Tranvía (1993)
- "Manifiesto para un teatro perralleiro". Mofa e Befá. (1993)
- "Raiñas de Pedra". Ollomol Tranvía. (1994)
- "O Rei Un". Ollomol Tranvia. (1995)
- "Escola de Bufóns". Ollomol Tranvía (1996)
- "Finis Mundi Circus". Mofa e Befá. (1998)
- "Clownfutbol". Chévere. (2000)
- "Espantoso". Mohicania. (2001)
- "Cultura para dar e tomar". Mofa & Befá – PT Excéntricas. (2004)
- "Hamlet", R.T.A. (2006)
- "Semrpe ao lonxe". Mofa & Befá – PT Excéntricas. (2006)
- "Unha carreira de obstáculos". Mofa & Befá – PT Excéntricas (2006)
- "Noite de reis", para el Centro Dramático Galego. (2007)
- "Obra (No coment)". PT Excéntricas (2008)
- "Shakespeare para ignorantes". Mofa & Befá – PT Excéntricas. 2009
-

– **Premios**

- "Agapi" a Mofa e Befá por "Gran Liquidación" de Jorge Coira (1995)
- "Compostela" por "Un sonho de verán" (1992)
- "María Casares" ó mellor actor secundario por "Finismundi Circus" (1998)
- "María Casares" ó mellor actor protagonista por "Obra" (2008)

- "*María Casares*" a Mofa e Befá ó mellor texto orixinal en galego por "*Shakespeare para Ignorantes*" (2009)

- **SANTI ROMAY**

- **Traballos como actor no teatro:**

- "*O mirlo branco*", Emeigual (1999)
 - "*O país da comedia*". Nordesía producciones. (2002)
 - "*Yepeto*". Teatro del Andamio (2006)
 - "*Pingueiras e tarteiras*". Teatro del Andamio. (2009)

